



## Entidade Local Menor de Bembrive

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 2/2020, DO DIA 26 DE MARZO DE 2020

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e vinte e tres minutos do xoves día 26 de marzo de 2020, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía Pedanía mediante Resolución de 23 do mesmo mes, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia da Primeira Tenente de Alcaldía, D<sup>a</sup>. Patricia Otero Carrera (designada por resolución do 10.02.2020, con motivo da ausencia do titular por enfermidade), asistindo os seguintes vocais:

D. Jose González Domínguez	PSdeG – PSOE
D <sup>a</sup> . Antía González Fernández	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Non asiste o Alcalde Pedáneo, D. Marcos Castro González (do PSdeG – PSOE), ao permanecer en situación de Incapacidade Temporal.

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, D<sup>a</sup>. Patricia Alvarellos Leis.

**Observacións:** A sesión celébrase a porta pechada, retransmitida en directo a través de vídeo na páxina web [www.bembrive.org](http://www.bembrive.org) para garantir o principio de publicidade, debido á declaración do estado de alarma con motivo do coronavirus COVID-19, de conformidade co disposto no artigo 88.1 do RD 2568/1986, polo que se aproba o ROF (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das EELL), permitindo que toda a cidadanía que o desexe poida presenciar a sesión de xeito telemático.

---

A continuación, procédese ao obxecto da sesión o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

#### ORDE DO DÍA

##### I. PARTE RESOLUTIVA:

###### 1. Acta anterior:

- Núm. 1/2020, do 27 de febreiro de 2020.

2. Proposta da Alcaldía de levantamento do reparo suspensivo para o pago de principal integrado por 13 facturas por un importe total conxunto de 48.998,79 € correspondentes aos exercicios 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 a 2017 (Sentenza núm. 44/2019 ditada o 29.10.2019 polo Xulgado Contencioso-Admvo. nº 2 de Vigo no P.O. 497/2018, promovido por “Luis Martínez Gómez”).

3. Proposta da Alcaldía de levantamento do reparo suspensivo para o pago da medida cautelar por importe de 34.136,87 € (Auto do 07.03.2019 do Xulgado Contencioso-Admvo. nº 1 de Vigo no P.O. 209/2019, promovido por “Acelec Instalaciones Eléctricas, S.L.”).



## Entidade Local Menor de Bembrive

### II. PARTE DE CONTROL:

4. Resolucions da alcaldía – pedanía.
5. Rogos e preguntas.

---

Pola secretaria interventora dase lectura ao **informe de 23 de marzo de 2020** emitido pola mesma en relación á convocatoria desta sesión:

#### “LEXISLACIÓN APLICABLE:

- *Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.*
- *RD 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das EELL (ROF, no sucesivo).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Nota informativa do Ministerio de Política Territorial e Función Pública de data 23.03.2020 sobre a posibilidade de que os órganos representativos locais e de gobernó (Plenos, Xuntas de Goberno, Comisións de Pleno), así como outros órganos colexiados locais poidan reunirse de forma telemática e adoptar acordos durante o Estado de Alarma.*

#### ANTECEDENTES:

*PRIMEIRO.- O Goberno de España declarou o día 14 de marzo o Estado de Alarma en todo o territorio nacional mediante Real Decreto 463/2020.*

*SEGUNDO.- A FEGAMP publicou o 15.03.2020 unha serie de instrucións aos concellos galegos, entre as cales, propón a suspensión das sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados.*

*TERCEIRO.- O Ministerio de Facenda publicou o 21.03.2020 una nota sobre a posibilidade de que os órganos colexiados poidan reunirse de forma telemática e adoptar acordos durante o estado de Alarma, na que contempla a posibilidade de que estes órganos poidan realizar as sesións mediante videoconferencia, multiconferencia ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais, que garantan a seguridade tecnolóxica, a participación de todos eles en condicións de igualdade, e a validez da súa realización, debates e os acordos que se adopten.*

*CUARTO.- A Alcaldía-Pedanía da ELM dictou resolución de data 16.03.2020 na que, entre outros asuntos, acordou “suspender temporalmente a celebración das sesión da Xunta Veciñal, agás as que esta Alcaldía considere imprescindibles por ser urxentes e inaprazables” coa finalidade de evitar posibles contaxios.*

*QUINTO.- A Alcaldía dictou resolución de data 23.03.2020 da convocatoria á sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 2-2020, considerando imprescindible a convocatoria e celebración desta sesión plenaria na que se se inclúen no orde do día o levantamento de*



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

*reparos suspensivos interpostos pola Interventora desta Entidade e a ordenación dos pagos correspondentes.*

*O Pleno celébrase a porta pechada retransmitido en directo a través da páxina web da Entidade, para garantir o principio de publicidade que debe rexir as sesións plenarias, de conformidade co disposto no artigo 88.1 do RD 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o ROF, permitindo que toda a cidadanía que o desexe poida presenciar a sesión de xeito telemático, xa que o Estado de Alarma comporta una severa limitación dos desprazamentos.*

*Correspóndelle a esta Secretaria-Interventora o asesoramento legal das actuación da Corporación da ELM de Bembrive e considerando a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, emítase o seguinte:*

### **INFORME:**

*PRIMEIRO.- A Disposición Adicional Segunda do RD 463/2020, de 14 de marzo, suspende todos os prazos en todas as ordes xurisdicionais durante o Estado de Alarma, nos seguintes termos:*

*“1. Suspéndense termos e suspéndense e interrompen os prazos previstos nas leis procesuais para todas as ordes xurisdicionais. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo”.*

*SEGUNDO.- O artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) establece o seguinte:*

*“1. Todos os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia, salvo que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario.*

*Nas sesións que celebren os órganos colexiados a distancia, os seus membros poderán atoparse en distintos lugares a condición de que se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos, e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que os suplan, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos, o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.*

*2. Para a válida constitución do órgano, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, do Presidente e Secretario ou no seu caso, de quen lles supla, e a da metade, polo menos, dos seus membros”.*

*TERCEIRO.- Por último, cabe sinalar a posibilidade de convocar un pleno extraordinario e urxente una vez finalice o Estado de Alarma, según establece o artigo 79 do ROF:*

*“Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo Alcalde ou Presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permite convocar a sesión extraordinaria coa*



## Entidade Local Menor de Bembridge

*antelación mínima de dous días hábiles esixida pola Lei 7/1985, do 2 de abril. Neste caso debe incluírse como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia. Se esta non resulta apreciada polo Pleno, levantarase acto seguido a sesión”.*

*O que se informa aos efectos oportunos.”*

---

Pola Presidencia do Pleno dase conta da **xustificación relativa á convocatoria** desta sesión da Xunta Veciñal:

*“Esta Alcaldía non considera que sexa a mellor opción convocar un pleno extraordinario e urxente una vez finalizado o Estado de Alarma, tal e como informou a Secretaria-Interventora, por dous motivos:*

*1º.- Non se pode preveer con certeza a evolución desta pandemia sanitaria nin o prazo de duración do Estado de Alarma, xa que este é susceptible de prórroga.*

*2º.- Ante esta circunstancia, tampoco se pode garantir a celebración dun pleno extraordinario e urxente, una vez finalizado o Estado de Alarma, xa que non é posible garantir, en calquera momento, o quórum necesario para a válida constitución da Xunta Veciñal que require a asistencia do tercio do número legal de membros, que nunca pode ser inferior a tres (artigo 90 do ROF), debido a motivos de carácter laboral e persoal de varios vocais desta Entidade.*

*A finalidade desta decisión é evitar que, por una parte, unha vez finalizado o Estado de Alarma, o proveedor presente solicitude de execución forzosa con carácter previo ao seu pago, e eludir así o custe que conlevaría, xa que transcorreu o prazo de tres meses dende a firmeza da sentenza, recollido no artigo 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.*

*Por outra parte, no suposto da medida cautelar (Punto núm. 3 do Orde do día) preténdese evitar un embargo automático do Xulgado, como sucedeu noutros casos.”*

---

Ábrese a sesión pola Sra. Alcaldesa Pedánea á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

### **1. Actas anteriores:**

**- Núm. 1/2020, do 27 de febreiro de 2020.**

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2. Proposta da Alcaldía de levantamento do reparo suspensivo para o pago de principal integrado por 13 facturas por un importe total conxunto de 48.998,79**



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

**€ correspondentes aos exercicios 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 a 2017 (Sentenza núm. 44/2019 ditada o 29.10.2019 polo Xulgado Contencioso-Admvo. nº 2 de Vigo no P.O. 497/2018, promovido por “Luis Martínez Gómez”).**

Dase conta da proposta da Primeira Tenente de Alcaldía-Pedanía de data 23 de marzo de 2020, co seguinte contido:

*“En relación ao expediente de pagamento das facturas reclamadas no P.O. 497/2018, emítese proposta en base aos seguintes*

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

*PRIMEIRO. – A sentenza núm. 261/2019 de data 29 de outubro de 2019 condena a Entidade Local Menor de Bembrive a aboar á recorrente “LUIS MARTÍNEZ GÓMEZ” as facturas que a continuación se enumeran, ascendendo o importe total a 48.998,79 €.*

*SEGUNDO. - Que o 23 de marzo de 2020 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora, que obra no expediente.*

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.*
- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.*
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa - LXCA -.*

*Por iso, visto o informe da secretaria-interventora de data 23 de marzo de 2020 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:*

### **PROPOSTA DE ACORDO**

*PRIMEIRO. – Levantar o reparo da Secretaria-Interventora.*

*SEGUNDO. – Ordenar o pagamento de 48.998,79 € derivado da sentenza núm. 261/2019 de 29 de outubro de 2019 ditada no P.O. 497/2018 polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, aplicando este á conta extrapresupostaria 555 "Pagamentos pendentes de aplicación" e, unha vez aprobada a modificación de crédito que proceda, aplicar os pagos realizados ao Orzamento saldando a conta 555.*

*Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente”.*

.....

Informe da Secretaria Interventora do 23.03.2020, no que se interpón reparo:

(...) *Conclusión:*





## Entidade Local Menor de Bembridge

Emítese o seguinte informe de reparo con base nos argumentos descritos nos puntos anteriores e fundamentos xurídicos sinalados.

Corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade aos artigos 217.2.a) do TRLRFL e 15.2.a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

### EFFECTOS DA ILEGALIDADE EN VÍA ADMINISTRATIVA:

- a) Vicio de nulidade do acto de recoñecemento da obrigaón consonte o artigo 173.5 do TRLRFL.
- b) Suspensión da tramitación do expediente ata que sexa liquidado o reparo (art. 216.2. c) do TRLRFL) ou cando o Presidente da Entidade Local resolva a discrepancia conforme ao art. 217 do TRLRFL.

O presente informe emítese para efectos dos artigos seguintes:

- Artigo 15 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local:  
  
“Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora exporá ao Presidente da Entidade Local unha discrepancia.  
[...]  
A discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais nos que sustente o seu criterio.  
Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.”
- Artigo 215 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL): “Se no exercicio da función interventora o órgano interventor manifestácese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución”.
- Artigo 217.1 de TRLRFL: “Cando o órgano a que afecte o reparo non estea conforme con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso”.
- Artigo 217.2. Non obstante o disposto no apartado anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:
  - a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
- Artigo 218 de TRLRFL: “O órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos”.

Con todo, constatouse a inexistencia de partida orzamentaria suficiente para afrontar o devandito pagamento. A execución das sentenzas forma parte do dereito á tutela xudicial efectiva (art. 24 CE). Neste tipo de casos, tal e como estableceu a xurisprudencia, a insuficiencia de recursos financeiros



## Entidade Local Menor de Bembridge

ou a súa falta de previsión no orzamento municipal, non é motivo de oposición ou escusa para facela efectiva (STS de 27/06/2005).

Según o disposto polo artigo 106 da LXCA:

“Cando a Administración fora condenada ao pagamento de cantidade líquida, o órgano encargado do seu cumprimento acordará o pagamento con cargo ao crédito correspondente do seu orzamento que terá sempre a consideración de ampliable. Se para o pagamento fose necesario realizar unha modificación orzamentaria, deberá concluírse o procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial.”

En definitiva, con independencia da existencia de crédito suficiente, ou de partida orzamentaria no Orzamento desta Entidade, o certo é que a Entidade Local Menor de Bembridge está obrigada a cumprir co pago da sentenza.

.....

Non se producen máis intervencións.

**ACORDO:** Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (da Primeira Tenente de Alcaldía, Sra. Otero Carrera, e dos vocais, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

### 3. Proposta da Alcaldía de levantamento do reparo suspensivo para o pago da medida cautelar por importe de 34.136,87 € (Auto do 07.03.2019 do Xulgado Contencioso-Admvo. nº 1 de Vigo no P.O. 209/2019, promovido por “Acelec Instalaciones Eléctricas, S.L.”).

Dase conta da proposta da Primeira Tenente de Alcaldía-Pedanía de data 23 de marzo de 2020, co seguinte contido:

“En relación ao expediente de peza separada de medida cautelar positiva no P.O. 209/2019, pola que a Entidade Local Menor de Bembridge ten que aboar 34.136,87 €, comprensiva de principal – 28.930,89 € - e xuros de mora – 5.205,98 € - á recorrente “ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.”, emítase proposta en base aos seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** – O Auto de peza separada de medidas cautelares 209/2019 de data 9 de xullo de 2019 adopta a medida cautelar positiva na que a Entidade Local Menor de Bembridge ten que aboar á recorrente “ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L.”, correspondente á factura núm. AC/02016092 de 06.07.2016 co concepto “Pavimentación de arcén en camino de Suaxeira”, ascendendo o importe a 28.930,89 €.

**SEGUNDO.** - Que o 23 de marzo de 2020 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora, que obra no expediente.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.
- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa - LXCA -.

Por iso, visto o informe da secretaria-interventora de data 23 de marzo de 2020 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO.** – Levantar o reparo da Secretaria-Interventora.

**SEGUNDO.** – Ordenar o pagamento de 34.136,84 € derivado do auto de peza separada de medidas cautelares de 9 de outubro de 2019 ditada no P.O. 209/2019 polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo, aplicando este á conta extrapresupostaria 555 "Pagamentos pendentes de aplicación" e, unha vez aprobada a modificación de crédito que proceda, aplicar os pagos realizados ao Orzamento saldando a conta 555.

*Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente”.*

.....

### Informe da Secretaria Interventora do 23.03.2020, no que se interpón reparo:

(...) *Conclusión:*

*Emítese o seguinte informe de reparo con base nos argumentos descritos nos puntos anteriores e fundamentos xurídicos sinalados.*

*Corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade aos artigos 217.2.a) do TRLRFL e 15.2.a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.*

### EFFECTOS DA ILEGALIDADE EN VÍA ADMINISTRATIVA.

- a)** *Vicio de nulidade do acto de recoñecemento da obrigaón consonte o artigo 173.5 do TRLRFL.*
- b)** *Suspensión da tramitación do expediente ata que sexa liquidado o reparo (art. 216.2. c) do TRLRFL) ou cando o Presidente da Entidade Local resolva a discrepancia conforme ao art. 217 do TRLRFL.*

*O presente informe emítese para efectos dos artigos seguintes:*

- *Artigo 15 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local:*





## *Entidade Local Menor de Bembrive*

*“Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora exporá ao Presidente da Entidade Local unha discrepancia.*

*[...]*

*A discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais nos que sustente o seu criterio.*

*Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.”*

- *Artigo 215 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL): “Se no exercicio da función interventora o órgano interventor manifestácese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución”.*
- *Artigo 217.1 de TRLRFL: “Cando o órgano a que afecte o reparo non estea conforme con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso”.*
- *Artigo 217.2. Non obstante o disposto no apartado anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:*
  - b) Se basen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.*
- *Artigo 218 de TRLRFL: “O órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos”.*

*Con todo, constatouse a inexistencia de partida orzamentaria suficiente para afrontar o devandito pagamento antes da data prevista. A execución das sentenzas forma parte do dereito á tutela xudicial efectiva (art. 24 CE). Neste tipo de casos, tal e como estableceu a xurisprudencia, a insuficiencia de recursos financeiros ou a súa falta de previsión no orzamento municipal, non é motivo de oposición ou escusa para facela efectiva (STS de 27/06/2005).*

*Segundo o disposto polo artigo 106 da LXCA:*

*“Cando a Administración fora condenada ao pagamento de cantidade líquida, o órgano encargado do seu cumprimento acordará o pagamento con cargo ao crédito correspondente do seu orzamento que terá sempre a consideración de ampliable. Se para o pagamento fose necesario realizar unha modificación orzamentaria, deberá concluírse o procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ao día de notificación da resolución xudicial.”*



## Entidade Local Menor de Bembrive

*En definitiva, con independencia da existencia de crédito suficiente, ou de partida orzamentaria no Orzamento desta Entidade, o certo é que a Entidade Local Menor de Bembrive está obrigada a cumprir co pagamento do auto de peza separada de medidas cautelares.*

.....

Non se producen máis intervencións.

**ACORDO: Sométese o asunto a votación, resultando que por catro votos a favor (da Primeira Tenente de Alcaldía, Sra. Otero Carrera, e dos vocais, Sr. González Domínguez, Sra. González Fernández e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.**

### II. PARTE DE CONTROL:

#### 4. Resolucións da alcaldía – pedanía

Pola Sra. Presidenta dase conta da relación das resolucións dictadas por esta Alcaldía dende a convocatoria da sesión do 27.02.2020 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. Vogais dende a convocatoria desta sesión:

- 021 18/02/2020 Adxudicación de contrato menor** de servizos e subministros para celebrar o “Entroido 2020” a **6 empresas, por impte. total de 5.400,50 €.**
- 022 26/02/2020 Modificación das bases do concurso do Entroido de 2020** (aprobadas o 12.12.2019), a celebrar o 29 de febreiro, e **autorización de gasto e recoñecemento da obriga dos premios por impte. total de 6.540 €.**
- 023 02/03/2020 Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas** dos traballadores desta Entidade correspondentes ao mes de **febreiro, por 6.225,60 € (importe neto)**
- 024 02/03/2020 Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas** dos membros da **Xunta Veciñal** desta Entidade con dedicación correspondentes ao mes de **febreiro, por 2.027,02 € (impte. neto).**
- 025 04/03/2020 Recoñecemento da obriga e orde de pago por execución de títulos xudiciais do TSXG, no P.O. 7120/14,** promovido polo procurador César Escariz Vázquez, condenando ao pago do impte. total de **7.197,68 €.**
- 026 06/03/2020 Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza do Xulgado Contencioso - Adm. 1 de Vigo, no P.O. 134/18,** promovido por Eurodetalles S.L., condenando ao pago do imp. de **484 € en concepto de costas.**



*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

**027 11/03/2020** **Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza do Xulgado Contencioso - Adm. 1 de Vigo, no P.A. 68/19, promovido por Oziona, S.L. condenando ao pago do imp. de 40 € en concepto de custos.**

**028 13/03/2020** **Autorización para realizar obra de reparación de paso de auga na pista da Fraga, adxudicándoa a Excavaciones y Construcciones M. Pérez Portela, S.L., con cargo ao Fondo de Melloras do MUP 563, por impte. total de 5.528,73 €.**

**029 23/03/2020** **Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal (a porta pechada con motivo do estado de alarma por coronavirus) para o 26.03.2020 (5 asuntos).**

## **5. Rogos e preguntas**

Non se formulan.

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20.35 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. da Alcaldesa Pedánea, p.d.,

A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Otero Carrera

Asdo. Patricia Alvarellos Leis